

TEMPADA 2018/2019



CENTRO DEPORTIVO

LIGA DE PÁDEL

Bases e regulamento

PRAZO DE INSCRICIÓN

Ata **13 de Outubro** para a fase previa, e **30 de Marzo** na liga regular

LUGAR DE INSCRICIÓN

Cumprimentar e entregar a folla de inscrición no centro ou enviándoa por mail a info@indoorvilalba.com

CATEGORÍAS

1ª CATEGORÍA, 2ª CATEGORÍA, MIXTA

Deberá haber un mínimo de 8 equipos para formar unha categoría.

No caso de haber 8 equipos en cada categoría nos que os integrantes teñan menos de *12 anos*, poderase facer unha categoría *Infantil*.

A organización resérvase o dereito a facer **varias categorías dependendo do nivel de xogo dos participantes**.

INICIO DA COMPETICIÓN

Dará comezo o día **15 de Outubro**, cunha competición previa que durará ata o día 31 de Outubro, que conformará os grupos cos que dará inicio a competición en Novembro. *Farase un sorteo puro para conformar os grupos na fase previa.*

A principios de cada mes, comunicarse a clasificación xeral e o calendario da competición do mes correspondente.

DURACIÓN DA LIGA E DÍAS DE DISPUTA DOS PARTIDOS

A Liga disputarase entre os meses de **Outubro e Abril**.

Os partidos disputaranse de LUNS a DOMINGO. O capitán/ana de cada parella será o encargado/a de pórse en contacto co resto de capitáns/anas para fixar os partidos.

PREZO E PREMIOS

Inscrición: SOCIO (35€) / NON SOCIO (45€) (**Inclúe SEGURO DE ACCIDENTES**)

Partido: SOCIO (2€) / NON SOCIO (5€) / CLUBES E EMPRESAS CONVENIO (3,5€)

Deberase aboar a inscrición antes do inicio da competición.

Haberá premios para o **CAMPIÓN**, e para o **2º e 3º CLASIFICADO** en cada categoría e sorteo de agasallos para todos os participantes.

REGRAS DE XOGO

SISTEMA DE XOGO E PUNTUACIÓN

Cada categoría estará estruturada en grupos, onde os equipos se enfrontarán cada mes que dure a competición con descensos e ascensos ao final de cada mes. Ao rematar o mes levarase a cabo a puntuación segundo o resultado de cada grupo.

O equipo que comece a competición nunha categoría, poderá pasar a outra se así o determinan os seus integrantes, eliminando os puntos que teña nesa categoría e comezarán a nova categoría no mes seguinte, integrándose no último grupo.

A organización determinará o número de equipos que descenden e ascenden cada mes, que dependerá do número de equipos que conformen o grupo.

No mes de Maio, tras rematar a LIGA, celebrarase a **COPA DA LIGA**, das diferentes categorías. Disputaranse eliminatorias, enfrontándose as parellas segundo rematen na clasificación xeral da LIGA. Haberá unha categoría *CONSOLACIÓN*, para os equipos que queden eliminados na primeira ronda. *Non se poderá anotar ningunha parella que non disputase a LIGA no último mes.*

Os partidos disputaranse seguindo as regras vixentes da *Federación Internacional de Pádel*.

Os partidos disputaranse ao mellor de 3 sets, habendo *tie break* en todos eles.

En caso de empate de puntos entre equipos, terase en conta:

1. Resultados dos enfrontamentos entre os equipos
2. Diferenza de sets entre os equipos empatados
3. Diferenza de xogos entre os equipos empatados
4. Diferenza de sets de todos os encontros disputados
5. Diferenza de xogos de todos os encontros disputados
6. Millor clasificado na clasificación xeral
7. Partido de desempate

Sistema de puntuación para a clasificación mensual:

Partido gañado: 3 puntos.

Partido perdido: 1 punto.

Partido non xogado: 0 puntos.

Sistema de puntuación para a clasificación xeral:

Será proporcional ao número de equipos inscritos e dependerá da clasificación ao remate dos encontros en cada mes. ***Sumaranse 3 puntos adicionais ao 1º clasificado, 2 puntos ao 2º clasificado e 1 punto ao 3º clasificado.***

EQUIPOS

Cada equipo estará formado por **2 xogadores/as**, que poderán xogar ou non coa mesma equipación. ***No caso no que un participante teña menos de 14 anos, deberá asinarse unha autorización do pai/nai ou titor/a legal, na que se acepte a participación na competición.***

TERREO DE XOGO

O calzado co que se xogará será preferiblemente o específico para este tipo de deporte.

OUTRAS REGRAS

- No caso de non disputarse algún partido, no que unha parella non pode por causas suficientemente xustificadas, daráselle por perdido o partido por 6/0, 6/0, e a perda de 3 puntos na clasificación xeral.
- No caso de non disputarse algún partido, se alguna parella non pode por causas o non suficientemente xustificadas, daráselle o partido por perdido 6/0, 6/0 e restaranse 6 puntos na clasificación xeral.
- No caso de non disputarse algún partido, no que ninguna das parellas poda por causas suficientemente xustificadas, o encontro darase por nulo e a perda de 3 puntos na clasificación xeral.
- No caso de non disputarse algún partido, se as dúas parellas non xogan por causas o non suficientemente xustificadas, o encontro darase por nulo e restaranse 6 puntos na clasificación xeral.

- En caso de retirarse un equipo da competición por decisión expresa dos seus integrantes, todos os resultados deste equipo nese mes non serán tidos en conta. De igual modo, no caso de que un equipo non se presente a 2 partidos da competición, sen notificalo á organización, será expulsado da competición, anulando os resultados dos partidos xogados ese mes.
- No caso de presentarse un equipo a xogar, sendo un dos integrantes unha persoa distinta á inscrita na folla de inscrición, o equipo será expulso da competición.
- Os integrantes dos 2 equipos deberán estar presentes e listos para xogar á hora de comezo marcada.. No caso de que despois de 15 minutos da hora marcada, un equipo non esté presente e non comunicara a súa falta, daráselle por perdido o encontro por 6-0, 6-0.
- No caso de lesión dalgún xogador/a durante o partido ou quentamento, este quedará suspendido e marcarase nunha data de mutuo acordo entre ambas parellas. Manterase o resultado do partido aprazado. De non chegar a disputarse ese partido por alguna circunstancia, o resultado daríase por perdido para o equipo do xogador/a que se lesionou, pero teríanse en conta os puntos gañados pola parexa perdedora, o resto de sets serán 6-0. Se unha das parellas non mostra disposición para xogar o partido aprazado daráselle por perdido o partido por un 6-0, 6-0.
- O equipo que por causa allea á lesión non remate o partido, perderá o partido seguindo a puntuación explicada no punto anterior, restándosele 3 puntos a esa parella na clasificación xeral.
- No caso de aprazamento dun partido unha vez se está disputando, por causas alleas aos xogadores, establecerase outra data para o partido, sen coste adicional para os xogadores, manténdose o resultado do último encontro. De non disputarse, o resultado non se tería en conta para a clasificación.
- Cada equipo terá un capitán/ana, que será a persoa á que se lle farán as diferentes comunicacións e a responsable do equipo ante o centro.
- A organización pasará a cada capitán/ana unha folla de contactos de todos os capitáns/anas dos equipos para calquera comunicación entre eles.

- Poderase dar de ALTA unha parella durante a competición, comezando a participar no mes seguinte ao da súa inscrición. Integrarase no último grupo da Liga de cada categoría, sendo Marzo o último mes para apuntarse, para asegurar así un mes de competición.
- Poderase dar de ALTA e BAIXA un xogador/a durante a competición, pagando no caso de ALTA o prezo de inscrición correspondente aos meses que vai disputar de competición. No caso de haber varias categorías de nivel de xogo, o novo xogador/a inscrito deberá ter un nivel de xogo similar.
- Un mesmo xogador/a non poderá participar en 2 equipos diferentes da Liga na mesma categoría. Sí que poderá en categorías diferentes, preservando sempre o nivel de xogo propio de cada categoría.
- O persoal do centro será o encargado de supervisar os partidos e velar polo correcto funcionamento da competición.
- Os xogadores/as deberán aportar as pelotas para xogar.
- Ao rematar o encontro débese saudar ao rival.
- Fomentarase o xogo limpo e a deportividade.
- Deberanse empregar os mellores esforzos para gañar un partido. Non se deberá deixar gañar ou non disputar un partido debido a que isto poda perxudicar a un terceiro. Estes casos serán estudados pola organización en caso de ser detectados ou denunciados por algún xogador/a.
- Non se permitirán insultos, agresións nin xestos incorrectos contra o xogador/a rival e público asistente, nin o maltrato de material propio ou alleo, nin en definitiva calquera conduta antideportiva que intimide ao contrario e poda influír no resultado do partido.
- A organización resérvase o dereito de sancionar calquera conduta que considere incorrecta, actuando segundo a gravidade da mesma e interpretando as bases en eventualidades non previstas, así coma excluír da competición a calquer equipo cuxo comportamento non sexa o axeitado.
- A dirección do centro fará todo o posible por adecuar o calendario da competición ás preferencias de todos os equipos, non sendo posible en todos os casos atender ás súas peticións.

- Todos/as os participantes deberán estar ao corrente de pago dos abonos e tarifas que estipula o centro. No caso contrario, poderáselle notificar a súa expulsión da competición.

Para calquer caso que non esté recollido neste regulamento, o órgano directivo do centro ditaminará o que sexa oportuno.